

QUE PON A ETIQUETA DOS LIBROS?

- A **CDU** é un sistema de clasificación que serve para ordenar as obras da biblioteca segundo o campo do saber ao que se refiran. Identifícase cun número determinado (+ outras especificacións).

✦ **0. Xeneralidades. Dicionarios.**

✦ **1. Filosofía, Psicoloxía, Ética.**

✦ **2. Relixión.**

✦ **3. Ciencias sociais.**

✦ **5. Matemáticas. Ciencias naturais.**

✦ **6. Ciencias aplicadas. Medicina. Tecnoloxía.**

✦ **7. Arte. Música. Deportes. Espectáculos.**

✦ **8. Lingüística. Literatura.**

✦ **9. Xeografía. Biografía. Historia.**

- A **ETIQUETA** divídese en tres partes. Exemplo: **82-N / MUÑ / and**

✦ **SIGNATURA 1:** CDU (con especificacións).

✦ **SIGNATURA 2:** Tres primeiras letras do apelido do autor en maiúscula.

✦ **SIGNATURA 3:** Tres primeiras letras do título da obra en minúscula. Non se usan os determinantes.

- Esta biblioteca está en **PROCESO DE CAMBIO** de tódalas etiquetas e rexistros, asique... pregunta se dúbidas!

ESPAZOS FÍSICOS DA BIBLIOTECA:

-Biblioteca principal: A Biblioxún.

-O Parnasillo.

-A Terraza da Biblioxún.

-Os Departamentos Didácticos.

ESPAZOS DIXITAIS:

-**Blog da biblioteca:** <https://biblioxun.blogspot.com>

Catálogo, ficha de préstamo, todas as actividades que se fan, Bibliosuxestións, Autor o mes, Conto do mes; enlaces aos blogs do “ALFINeteiro AMIgo (materiais educativos e repositorio dixital), “Horas alegres que pasades voando” (recensións e suxestións de alumnado e profesorado), “Club de Lectura A Esmorga”, “Radio escolar” e a sitios interesantes relacionados con variados temas; etc.

-**INSTAGRAM da biblioteca:** [@biblioxun](https://www.instagram.com/biblioxun) (Dalle a like!)

-**Blog O ALFINeteiro AMIgo:** oalfineteiroamigo.blogspot.com

-**Blog HORAS ALEGRES QUE PASADES VOANDO:**

horasalegresquepasadesvoando.blogspot.com

-**Blog do CLUB DE LECTURA “A ESMORGA”:** [http://](http://aesmorgaxunqueira1.blogspot.com)

aesmorgaxunqueira1.blogspot.com



Bibliotecas
escolares
de Galicia



GUÍA DE USO DA BIBLIOTECA IES A XUNQUEIRA I A BIBLIOXÚN!!!



Ilustración de Laura Row

Volve sentir a emoción de descubrir algo novo. Ti es o centro das nosas atencións. Levámoste ata onde ti queiras. Podes chegar a sitios inalcalzabeis para a palabra.
Viaxa a outros mundos sen moverte do sofá.





BIBLIOTECA PRINCIPAL: A BIBLIOXÚN!:

- **Onde?** Na **planta baixa** do centro.
- **Como é?** Consta de varios espazos funcionais: **ESTANTES** (os libros están colocados por orde alfabética e distribuídos segundo a CDU; fíxate nos carteis; ás veces hai estantes especiais con novidades ou suxestións de lectura), **MESA DE PRÉSTAMO** (se queres reservar ou levar algunha obra, achégate a ela), **ZONA DE ORDENADORES** (podes empregalos para consultar internet, facer traballos, buscar información, gardala na memoria USB...), **ZONA DE MESAS E CADEIRAS** (nelas estuda, le, traballa...), **ESPAZOS INFORMAIS DE LECTURA** (sofás ou pufs donde sentar a ler algunha revista ou algún libro que che atraia) e o **PUNTO DE LECTURA** (atril dende onde alguén pode ler en alto, facer unha exposición, etc.).

O PARNASILLO:

- **Onde?** Na **planta baixa** do centro. Fíxate no cartel!
- **Que hai aí?** Se na Biblioteca Principal se atopa un **exemplar de cada obra, no Parnasillo están case todos os demais**. As obras están só accesíbeis ao profesorado encargado da biblioteca.
- **Que se fai neste espazo?** Podes gozar de **exposicións artísticas** e ver o teu traballo alí presentado!

“Me gusta la literatura que me trastorna y me embriaga como vino o música, que me saca de mí, que me fuerza a leerla en voz alta y a favorecer su contagio, que me explica el mundo y me pone en pie de guerra con el mundo y me refugia de él y me revela con la misma vehemencia todo su horror y toda su belleza.” . Antonio Muñoz Molina, *Un andar solitario entre la gente*.



A TERRAZA DA BIBLIOXÚN!

- **Onde?** Na **planta baixa**. Pódese entrar pola Biblioxún, desde o patio de recreo ou mesmo desde a cafetería.
- **Que hai aí?** Un **espazo moi agradable**, con mesas, cadeiras, estantes e zonas verdes, onde atopar lecturas e xogos para que ti e os teus compañeiros e compañeiras **gocedes do voso tempo de leer**. Lembra que neste espazo **non se pode comer, coídao!**

OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS:

Onde? Atópanse ao longo de todo o centro.

Que hai aí? Aquí están algunhas obras e o seu préstamo está xestionado polo profesorado correspondente.

PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓNS DE OBRAS:

❖ **Como coller en préstamo unha obra da biblioteca?**

1. Consulta o **CATÁLOGO KOHA**, que está no menú do blog da biblioteca.
2. Elixe a túa obra e achégate á **mesa de préstamos** co carné da biblioteca. Tamén podes indicar o teu nome e apelidos.
3. Tes **15 días de préstamo**, só se presta **nos recreos** e só se poden coller **como máximo 3 obras**.
4. Temos tamén un **CATÁLOGO DIXITAL!** Chámase **E-LBE.2** e ademáis de atopar esta páxina no blog da biblioteca, tamén podes baixar a aplicación ao teu móbil.

❖ **Cando tes que devolver a obra?**

1. Nunca podes pasar dos 15 días, pero podes renovarlo por outros **15 días máis** (sempre que non sexa de lectura obrigatoria ou haxa alguén en lista de espera).
2. Lembra que non se pode deixar o libro enriba da mesa sen avisar: sempre tes que entregalo ao profesor ou profesora de Garda.



BLOG DA BIBLIOTECA

HORARIO: Só permanecerá aberta a biblioteca se hai algún profesor/a de Garda.